



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A EMPRESA DE TRANSPORTES AUTOS CAL PITA, SA PARA A INSERCIÓN DE PUBLICIDADE INSTITUCIONAL SOBRE A CAMPAÑA DE VACINACIÓN ANTIGRIPAL 2018/19 EN AUTOBUSES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade formalizou coa entidade AUTOS CAL PITA, SA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que comprendeu dende o 25 de outubro ata o 29 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional tivo por obxecto:

A inserción de publicidade institucional sobre a campaña de vacinación antigripal 2018/2019 nos autobuses de AUTOS CAL PITA, SA coa colocación de 50 carteis en tamaño A3.

Que existía converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamentou no seguinte:

Que obxectivo primordial desta campaña é ofertar a vacinación a todas as persoas incluídas nos grupos de risco de forma totalmente gratuíta, co fin de acadar unhas coberturas axeitadas nesta poboación que reduzan a súa morbilidade e o impacto da enfermidade na comunidade, así como os custos socioeconómicos asociados ao seu padecemento. Por isto, a campaña vai dirixida fundamentalmente a



protexer as persoas que teñen un maior risco de presentar complicacións e ás que poden transmitir a enfermidade a outras persoas de risco, así como ás persoas que pola súa ocupación proporcionan servizos esenciais na comunidade.

Que con esta campaña preténdese conseguir unha cobertura na poboación de 60 a 64 anos igual ou superior ao 35 % e na de 65 ou máis anos igual ou superior ao 65 %.

Que a empresa AUTOS CAL PITA, SA apoia a inserción de publicidade institucional sobre a campaña de vacinación antigripal 2018/2019, facendo chegar deste xeito tanto ao conxunto dos/as seus/súas viaxeiros/as esta campaña sanitaria e as bondades expostas no presente convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non puideron satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do devandito instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

